Equisetum telmateia Ehrh., 1783

herba canuda/estañeira, rabo de cabalo, equiseto, xestela, cabaliña
equiseto, cola de caballo
azeri-butzan erraldoia
cua de cavall grossa
great horsetail, giant horsetail
cavalinha gigante



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Equisetopsida**	**Equisetales**	**Equisetaceae**	***Equisetum***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Fento de 1,5 m de altura aproximadamente. Sistema radicular formado por rizomas longos e grosos. Emite raíces adventicias. Talo oco, articulado e estriado, con alto contido en sílice. Ten talos fértiles: non ramificados, pardos e aparecen a comezos da primavera; e talos estériles: verdes, moi ramificados e aparecen tralos fértiles. Os talos estériles confírenlle un aspecto plumoso. Follas moi reducidas, transformadas en escamas, sen función fotosintética relevante. Esporas producidas en estróbilos terminais, nos talos fértiles.

HÁBITAT

Mananciais, ribeiras, zonas asolagadas e bosques húmidos. Prefire solos permanentemente húmidos, ricos en nutrientes e lixeiramente básicos.

DISTRIBUCIÓN

Europa, Asia occidental e norte de África.

CURIOSIDADES

Debido ao seu contido en sílice foi empregado para limpar e pulir utensilios. É un dos equisetos máis grandes de Europa.